

Edificio Xerencia
Campus Universitario
36310 Vigo
España

Tel. +34 986 813 611
+34 986 813 612

RESOLUCIÓN REITORAL DO 11 DE AGOSTO DE 2017 POLA QUE SE ESTABLECE O PROCEDIMENTO DE SOLICITUDE DE BOLSA DE CARÁCTER XERAL DO MINISTERIO DE EDUCACIÓN CULTURA E DEPORTE PARA ESTUDANTES DESTA UNIVERSIDADE NO CURSO ACADÉMICO 2017/2018

A resolución do **3 de agosto de 2017 (BOE do 10 de agosto)** pola que se convocan as bolsas de carácter xeral e o **RD 726/2017, de 21 de xullo**, no que se establecen os umbrais de renda, patrimonio familiar e as contías de bolsa, ditado en desenvolvemento do Real Decreto 1721/2007 de 21 de decembro (BOE do 17 de xaneiro), establecen as regras de procedemento que rexerán para a xestión e tramitación das solicitudes do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para o curso académico 2017-18.

Co fin de resolver a maior parte das bolsas no ano 2017, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte establece como prazo límite de formalización da solicitude na web <https://sede.educacion.gob.es/> o **17 de outubro**, e de envío á Subdirección Xeral de Tecnoloxías da Información e Comunicacións do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte da proposta dos solicitantes que reúnan os requisitos xerais antes do 30 de decembro.

Co gallo de velar polo cumprimento dos prazos establecidos no devandito texto faise preciso establecer un procedemento, polo que:

ESTA REITORÍA RESOLVE:

I. Prazo e lugar de presentación de solicitudes

O alumnado matriculado na Universidade deberá cubrir a solicitude da bolsa mediante o formulario accesible por vía telemática, a través da sede electrónica do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte na dirección <https://sede.educacion.gob.es> no apartado correspondente a “trámites e servizos”.

Universidade de Vigo - Registro Xeral
Saída Nº. 201700013109 11/08/17 11:55:25

Unha vez cuberta a solicitude, deberá ser asinada con calquera dos sistemas de sinatura electrónica establecido no apartado 2 do artigo 13 da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico da cidadanía aos servizos públicos ou ben mediante a utilización de claves concertadas e/ou a presentación de información coñecida por ambas partes.

En ambos casos, **ao finalizar o proceso, obterán e imprimirán o resgado da presentación da solicitude de bolsa, que deberá ser conservado pola persoa solicitante para acreditar, no caso de que resulte necesario, a presentación da súa solicitude en prazo e forma establecidos**.

Non serán tidas en conta aquelas solicitudes cubertas por vía telemática que **NON** completen o proceso de presentación establecido. O prazo de presentación remata o **17 de outubro**.

II. Efectos académico-administrativos da solicitude de bolsa-matrícula

1- Matrícula completa

O alumnado solicitante de bolsa deberá matricularse de curso completo, ou do número mínimo de materias ou créditos que **figura no Anexo I** para cada titulación e plan de estudos, (coas excepcións previstas na orde de convocatoria) para optar a todas as contías da bolsa. Neste cómputo só se terán en conta as materias ou créditos necesarios para finalizar a titulación nunha soa especialidade.

2 -Matrícula parcial

- a) O alumnado de Grao que se matricule entre 30 e 59 créditos, terán dereito á bolsa de matrícula e a contía variable mínima.

Naqueles casos nos que en virtude da normativa propia da Universidade resulte limitado o número de créditos en que poidan quedar matriculados, a persoa solicitante poderá obter todas as contías de bolsa que lle correspondan de conformidade co disposto nesta convocatoria si se matricula de todos os créditos. Si dichos créditos se cursan nun só cuatrimestre/semestre a contía da bolsa será o 50% da cantidade que lle corresponderá con excepción da bolsa matrícula e a contía variable aos que non se aplicará esta redución do 50%. No suposto de que o alumnado se matricule tamén no segundo cuatrimestre/semestre correspondente ao curso académico completarase a contía da bolsa co 50% restante (art. 21.2 b)

- b) O alumnado de Máster que se matricule entre 30 e 59 créditos, terán dereito á bolsa de matrícula e a contía variable mínima.

Naqueles casos nos que en virtude da normativa propia da Universidade resulte limitado o número de créditos en que poidan quedar matriculados, a persoa solicitante podrá obter todas as contías de bolsa que lle correspondan de conformidade co disposto nesta convocatoria si se matricula de todos os créditos. Si dichos créditos se cursan nun só cuatrimestre/semestre o se imparten en réximen de fin de semana o comprenden un número de horas teórico-prácticas inferior a 300, a contía da bolsa será o 50% da cantidade que lle corresponderá con excepción da bolsa matrícula e a contía variable aos que non se aplicará esta redución do 50%. No suposto de que o alumnado se matricule tamén no segundo cuatrimestre/semestre correspondente ao curso académico completarase a contía da bolsa co 50% restante (art. 26.2 b)

3 -Matrícula reducida

A resolución do 3 de agosto de 2017 (BOE do 10 de agosto), establece no artigo 12, bolsas especiais para estudantes afectados dunha **discapacidade de grao igual ou superior ao 65%**. O estudiantado poderá reducir a carga lectiva como máximo ata o 50% do mínimo establecido no Anexo I para matrícula completa. En ningún caso poderán optar a bolsa cunha matrícula inferior a 30 créditos. Se formalizan matrícula completa terán dereito a un incremento do 50% da bolsa.

III. Pagamento dos prezos.

Para os efectos de formalización de matrícula, as persoas solicitantes de bolsa poderán realizala sen previo pago dos prezos públicos por servizos académicos **daqueles créditos dos que se matriculen por PRIMEIRA VEZ**. Non obstante, deberán aboar as restantes taxas que a tal efecto estableza a convocatoria de matrícula ordinaria.

Con respecto ás taxas por convalidacións, recoñecemento e adaptacións o **artigo 52.3 da convocatoria de bolsas de carácter xeral do MECD, 2017-2018**, indica que “...non se consideran prezos públicos os prezos especiais que se devenguen como consecuencia de convalidacións, recoñecemento ou adaptacións de estudos, materias ou créditos”. Polo tanto, o alumnado solicitante da bolsa MECD debe pagar os importes correspondentes.

O alumnado que se matricule na convocatoria extraordinaria de fin de carreira, no caso de que posteriormente formalice a matrícula ordinaria deberán aboar os prezos por servizos académicos desta última.

O Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos unha vez comprobado que o alumnado, que ténndose matriculado como solicitante de bolsa non presentaran solicitude desta, procederá a eliminar a

devandita condición na matrícula e xerar á carta de pagamento, segundo o caso que corresponda, sen necesidade de comunicar previamente este cambio.

Tamén desde o Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos e de conformidade co **artº 52.2 da resolución do 3 de agosto de 2017 (BOE do 10 de agosto) poderase requerir cautelarmente o aboamento dos prezos públicos a o alumnado que non cumpra os requisitos establecidos na referida convocatoria, sen prexuízo de que, no caso de que a bolsa lle fose concedida, solicite a devolución dos prezos aboados.**

O Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos procederá a devolver de oficio os prezos por servizos académicos ao persoal bolseiro que o tivera aboado previamente.

IV. Comunicacións e notificacións

O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte emitirá as notificacións por calquera dos medios admitidos na normativa reguladora do procedemento administrativo incluídos enderezos electrónicos, debendo as persoas interesadas proceder a efectuar a descarga do seu contido na dirección: <https://sede.educacion.gob.es> no apartado “Notificacións”

V.- Normas finais

A presente resolución terá efectividade e aplicarase ás solicitudes de bolsa que se presenten no curso académico 2017-2018.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta convocatoria recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antes citado namentes non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/99, do 13 de xaneiro modificadora da *Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común*.

Vigo, 11 de agosto de 2017

O reitor,

Per RR 13/07/2017

Oicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais



Máximo José Fernández Iglesias

ANEXO I

REQUISITOS ACADÉMICOS PARA A CONCESIÓN DE BOLSA CURSO 2017-2018

I. Matrícula mínima do curso 2017-2018

A.- Matrícula completa

A persoa solicitante deberá matricularse de curso completo ou do número de créditos mínimo que se establece na seguinte táboa para ter dereito á bolsa completa.

Estudos	Plan	Créditos
Máster oficial	todos	60,0
Grao	todos	60,0

B.- Matrícula parcial

O alumnado que se matricule nos seguintes intervalos, terá dereito á matrícula e á contía variable mínima.

Estudos	Plan	Créditos
Grao/Máster	todos	30-59

C.- Matrícula reducida

O alumnado que estea afectado dunha **discapacidade de grao igual ou superior ao 65%** que reduzan a súa carga lectiva ata un máximo do 50%, terán dereito á totalidade da bolsa. En ningún caso poderá optar á bolsa cunha matrícula inferior a 30 créditos.

II. Rendemento académico curso anterior:

A.-Estudantes de primeiro curso:

a) Quen se matricule por primeira vez de 1º CURSO de Grao deberá acreditar:

1. Para ter dereito á matrícula gratuita: unha nota de acceso á universidade de 5,50 puntos. Para as persoas solicitantes que estean en posesión do título de bacharelato e accedan á universidade mediante a proba de acceso ($0,6NMB+0,4CFX$), terase en conta a devandita nota de acceso, excluída a cualificación obtida na fase específica.
2. Para ter dereito a todas as contías da bolsa: unha nota de acceso á universidade de 6,50 puntos. Para as persoas solicitantes que estean en posesión do título de bacharelato e accedan á universidade mediante a proba de acceso, terase en conta a devandita nota de acceso, excluída a cualificación obtida na fase específica.

b) Estudantes de 1º CURSO de Máster deberán acreditar unha NOTA MEDIA nos estudos previos que lles dan acceso ao Máster de:

- 1) Máster que habilita para unha profesión regulada: 6,50 puntos.
- 2) Restantes estudios de Máster: 7,00 puntos.

Para estes efectos, as notas medias procedentes de estudos de ensinanzas técnicas multiplicaranse por coeficiente 1,17.

B.-Estudantes de 2º e posteriores cursos:

a) Grao

1.-Para obter, nas condicións previstas nesta resolución, a bolsa de matrícula, a contía asociada á renda, a contía asociada á residencia e a contía variable, os solicitantes de segundos e posteriores cursos, deberán ter superado nos últimos estudos cursados as seguintes porcentaxes dos créditos matriculados:

Porcentaxe de créditos a superar

Rama de coñecemento	Grao
Artes e Humanidades	100%
Ciencias	100%
Ciencias Sociais e Xurídicas	100%
Ciencias da Saúde	100%
Enxeñaría e Arquitectura/Ensinanzas técnicas	85%

2.-Alternativamente, as persoas solicitantes de segundos e posteriores cursos que non superen a porcentaxe de créditos establecidos no parágrafo anterior poderán obter todas as contías da bolsa, se acreditan ter superado nos últimos estudos cursados as seguintes porcentaxes de créditos e ter alcanzado as seguintes notas medias:

Porcentaxe de créditos a superar / Nota media

Rama de coñecemento	GRAO		NOTA MEDIA	NOTA MEDIA
Artes e Humanidades	90%		6,50 puntos	6,50 puntos
Ciencias	80%		6,00 puntos	6,00 puntos
Ciencias Sociais e Xurídicas	90%		6,50 puntos	6,50 puntos
Ciencias da Saúde	80%		6,50 puntos	6,50 puntos
Enxeñaría e Arquitectura/Ensinanzas técnicas	65%		6,00 puntos	6,00 puntos

No caso de solicitantes que superaran un número de créditos superior á porcentaxe establecida na táboa anterior para á obtención da bolsa e cuxa nota media non acade ó mínimo requerido, poderán excluírse do cálculo da nota media das cualificacións más baixas obtidas naqueles créditos que excedan da porcentaxe requirida.

3. Para obter, nas condicións previstas a bolsa de matrícula como único compoñente, deberán acreditar ter superado nos últimos estudos cursados as seguintes porcentaxes dos créditos matriculados. Tamén poderán acollerse a esta última opción os estudiantes que se tivesen matriculado en réxime de matrícula parcial no último curso realizado:

Porcentaxe de créditos a superar

Rama de coñecemento	Grao
Artes e Humanidades	90%
Ciencias	65%
Ciencias Sociais e Xurídicas	90%
Ciencias da Saúde	80%
Enxeñaría e Arquitectura/Ensinanzas técnicas	65%

b) Máster

Aprobar o 100% dos créditos matriculados no primeiro curso. Acreditando unha nota media en primeiro curso de 6,50 puntos nos Másteres que habilitan ou que sexan condición necesaria para o exercicio dunha profesión regulada e unha nota media de 7,00 puntos nos restantes estudos de Máster.

III.- Excepcional rendemento académico

No caso de estudiantes que se matriculen dun número superior ao mínimo establecido no apartado I.A), todos eles, incluídos os de libre elección, serán tidos en conta para a valoración dos requisitos académicos e a porcentaxe de créditos a superar para obter bolsa determinarase mediante a seguinte fórmula:

Para ensinanzas de arquitectura e enxeñaría/técnicas, dependendo de que o solicitante se acolla á primeira ou á segunda das opcións sinaladas no apartado B.a.1.:

Porcentaxe de créditos a superar	85 - (Y/10) ou ben 65 - (Y/10)
----------------------------------	--------------------------------

A fórmula 65 - (Y/10) será de aplicación, asemesmo, para os estudiantes ós que se refire o apartado B.a.3.

Para ensinanzas universitarias adscritas ás ramas ou áreas de coñecemento de Ciencias e de Ciencias da Saúde, dependendo de que o solicitante se acolla á primeira ou á segunda das opcións sinaladas no apartado B.a.2.:

Porcentaxe de créditos a superar	100 - (Y/10) ou ben 80 - (Y/10)
----------------------------------	---------------------------------

A fórmula 80 - (Y/10) e 65 - (Y/10) será de aplicación, respectivamente, ós estudiantes de Ciencias da Saúde e de Ciencias que se acollan a opción a que se refire o apartado B.a.3.

Para ensinanzas universitarias adscritas ás ramas ou áreas de coñecemento de Artes e Humanidades e de Ciencias Sociais e Xurídicas, dependendo de que o solicitante se acolla á primeira ou a segunda das opcións sinaladas no apartado B.a.2.:

Porcentaxe de créditos a superar	100 - (Y/10) ou ben 90 - (Y/10)
----------------------------------	---------------------------------

A fórmula 90 - (Y/10) será de aplicación, asemesmo, para os estudiantes de ditas áreas de coñecemento a que se refire o apartado B.a.3.

Sendo Y = incremento porcentual de créditos matriculados sobre o número mínimo destes esixidos para obter bolsa, segundo o